Poio, referente en xestión de biorresiduos

O empréstamo gratuíto de biotrituradoras para a veciñanza é a última das iniciativas impulsadas polo Concello, a través do departamento de Obras e Servizos Municipais,

TEXTO: **R.P.**
FOTOS: **GONZALO GARCÍA/DP**

Desde hai xa máis dunha década o Concello de Poio, a través do departamento de Obras e Servizos Municipais, vén amosando un compromiso inquebrantable coa compostaxe e no tratamento de biorresiduos. A área que dirixe o socialista Julio Casás Barral vén de dar un novo paso máis nesta materia, ao impulsar un servizo pioneiro na bisbarra e que se activa por primeira vez por parte da Administración local como é o empréstamo gratuíto de biotrituradoras. Trátanse de dez unidades que o Concello adquire ao abeiro dunha achega de fondos europeos, obtidos a través da Xunta de Galicia, investidos no marco da realización de iniciativas e medidas encamiñadas a dar cumprimento aos obxectivos que marca a nova Lei de Residuos. A axuda ascende a máis de 77.000 euros, que tamén se invisten noutras iniciativas como a dotación de composteiros individuais e a instalación de dispositivos comunitarios, cada vez máis consolidados.

As biotrituradoras xa están dispoñibles para a veciñanza empadroada na vila, que poderá solicitalas chamando ao 986770001 ou 604025288. Cada solicitante poderá dispor da maquinaria durante tres días para triturar restos leñosos procedentes de podas domiciliarias, entre as que se inclúen ramas de árbores froiteiras, viñedos, restos de xardinería ou árbores ornamentais. Pola contra, non se poderán tratar elementos verdes non leñosos, como herba, flores, follas, plantas arrincadas ou cepellóns, así como madeiras de mobles e materiais duros (pedras, ferros). A entrega inclúe unha guía rápida de uso, ademais dun documento no que figuran os obxectivos do préstamo, así como os dereitos e obrigas a cumprir tanto por parte da Administración municipal como das persoas solicitantes. As entregas realízanse en horario de mañá na Reiboa. Desde a súa posta en funcionamento o pasado 13 de marzo o Concello xa conta cunha ampla lista de agarda para facer uso das biotrituradoras, o que "demostra o interese e o alto grao de compromiso e concienciación que existe entre a nosa cidadanía no que ao tratamento de restos se refire", salienta Julio Casás.

> A INICIATIVA TEN COMO OBXECTIVO CONTINUAR CONSOLIDANDO O CORRECTO TRATAMENTO DE RESTOS E O CRECEMENTO DO COMPOSTAXE A TODOS OS NIVEIS

Sacar do circuíto de recollida do lixo esta fracción vexetal, evitar os riscos de incendios e a contaminación ambiental, reducindo ao máximo as queimas, e a elaboración de triturado para acolchar solos e como estruturante (o material natural que se utiliza para misturar cos restos orgánicos) son algúns dos obxectivos e beneficios desta iniciativa impulsada pola Concellería de Obras e Servizos Municipais, que se suma a outras prestacións xa plenamente consolidadas neste ámbito, como é o Punto Limpo Móbil ou a recollida de voluminosos a domicilio.

COMPOSTAXE. O empréstamo de biotrituradoras aspira a continuar consolidando máis se cabe a compostaxe en Poio, unha práctica que xa leva varios anos en alza. «Non hai máis que comprobar as cifras relacionadas con este apartado para confirmar que a súa implantación resultou todo un acerto e é un servizo que a veciñanza valora e agradece», explica o socialista Julio Casás. Unha proba son as máis de 80 toneladas de restos tratados nos Centros Composteiros Comunitarios (CCC) habilitados no núcleo da parroquia de San Salvador ao longo de 2022. A partir deses restos xeráronse e repartíronse uns 35.000 quilos de compost entre aproximadamente medio milleiro de usuarios e usuarias habituais destes dispositivos. A día de hoxe Poio conta con estes composteiros nas inmediacións do parque Rosalía de Castro (onde xa foi ampliado, dada a alta demanda), Rúa Valiña, Rúa Río Miño e Ánkar. Está previsto que en vindeiras datas tamén empece a funcionar un novo punto de compostaxe nas proximidades do Casal de Ferreirós. «A medio prazo estes 'CCC' tamén se estenderán a núcleos urbanos doutras parroquias», afirma o concelleiro de Obras e Servizos Municipais.

Por outra banda, son preto de 900 as vivendas de Poio que na actualidade xa contan tamén con composteiros individuais. O seu reparto foi 'in crescendo' desde que se adquiriron por primeira vez no ano 2011. Só nos últimos meses despacháronse preto de 250 unidades, o que dá unha idea da súa alta demanda. De xeito periódico, os mércores polas tardes realízanse entregas na Reiboa, nas que tamén se imparten charlas explicativas.

AS NOVAS XERACIÓNS. Julio Casás tamén incide na importancia de poñer o foco sobre o tratamento de biorresiduos e da compostaxe nas novas xeracións. En Poio, todos os centros educativos contan con composteiros, que son utilizados polo alumnado para a realización de compost. «É importante que as crianzas teñan clara a importancia de preservar o medio ambiente e que se convertan en transmisores destes valores no seo familiar», apunta o concelleiro de Obras e Servizos Municipais. O edil do PSdeG-PSOE tamén incide noutros beneficios, como a redución de residuos que se envía á planta de Sogama e que redunda nunha baixada dos custes.

Iniciativas de compostaxe postas en marcha polo Concello de Poio.